

# LINGUA GALEGA

## Comprensión .

### ***Todos... e todas***

Era o primeiro día de clase e estabamos todos os rapaces e as rapazas de 6.º amoreados ante a porta da aula, agardando a que o titor nos chamase e dixese onde tiñamos que sentar.

A min todos os cursos me tocaba nas últimas filas, é unha das «vantaxes» de se apelidar Saavedra López. Así que agardei a que o profesor me nomease e ocupei o asento que me sinalou. Marta xa se ía sentar onda min, pois fora a miña compañeira en cuarto e quinto. Pero don Ramón dixo: «Salgueiro Torres, Ana», e entón aquela rapaza morena de ollos vivos sentou cabo de min.

–Uff! Demasiadas cousas novas nunha soa semana! –díxome Ana cun sorriso de amizade–. Ti levas moito neste colexio?

–Levo, desde os catro anos –dixen eu–. Ti es nova, non si?

–Son. Nova no colexio e nova na vila. Só hai dúas semanas que viñemos para aquí, antes viviamos en Vigo.

Parecía empeñada en darme información básica sobre ela.

–É que meu pai veu traballar a LAGASA, a fábrica procesadora do leite, e tivemos que nos trasladar todos. Vivimos nun piso alugado, enriba das oficinas de Correos. Ti chámaste Raquel, non é? Eu son Ana, xa oíches, espero que sexamos boas amigas.

Don Ramón deunos a benvida e empezou a explicar o que se agardaba de nós no curso. Despois de soltar o discurso preguntounos se tiñamos algo que comentar; como houbo silencio xeral, pasou a dicirnos as cousas que debiamos traer a partir da seguinte semana. A lista era bastante obvia e eu ía anotando todo nunha folla aínda que só fose por non me aburrir.

–... e ademais –dicía don Ramón– cada alumno traerá tamén tres rotuladores de diferentes cores, para os esquemas de Naturais.

Entón Ana ergueu a man:

–E as alumnas? Temos que traer algo especial para Naturais?

–Como especial? –Don Ramón estaba desconcertado–. Non dixeran que había que traer tres rotuladores?

–Si, iso os alumnos. Pero nós, as alumnas, traémolos tamén ou traemos outra cousa?

–Señorita, non oíu ben ou quere tomarme o pelo?

–Nin unha cousa nin outra, don Ramón. Só pregunto que traemos as alumnas.

–E que dixeran logo? –don Ramón tiña un ton de falsa amabilidade que empregaba cando estaba enfadado de verdade.

–Vostede dixo que cada alumno traerá...

–Exactamente, señorita, cada alumno. E vostede debe saber que cando se fala dun xeito xenérico, dirixíndose a un colectivo en que haxa xente dos dous sexos, emprégase sempre o masculino. Cando digo cada alumno quero dicir cada alumno e cada alumna. Entendido?

–Pois se mo permite, a profesora de Lingua que tiven o ano pasado dicíanos que iso podería ser correcto, pero nin era xusto nin recomendable. Que se falabamos para toda a clase había que dicir os alumnos e as alumnas e eu...

–Pois esa profesora podería dicir o que quixese, pero neste colexio rexen as normas de toda a vida, así que sente e cale.

Houbo un ruxerruxe pola clase. Supoño que a todos lles pasaba o mesmo ca a min, que nunca me decatara do que acabara de dicir Ana. Pero o profesor axiña parou coas conversas.

–Silencio! Silencio, todos! Todos... e todas! Entendido?

O timbre do cambio de clase veu en axuda de don Ramón. Colleu a carteira e saíu da aula con cara de poucos amigos. Eu mirei a Ana de fronte e ela sorriu con aquel ollar retranqueiro que me había acabar sendo tan familiar. E daquela tiven a certeza de que o curso que comezaba non ía ser nin aburrido nin rutineiro.

Agustín Fernández Paz  
*Rapazas.* (Adaptación)

**a)Contesta.**

- Como se chama a rapaza nova na clase? \_\_\_\_\_
- Como se chama a compañeira con que senta esa rapaza nova? \_\_\_\_\_
- Cal das dúas conta a historia? \_\_\_\_\_

**b) Completa coa resposta. Quen di estas palabras e que quere dicir?**

- «Cando se fala dun xeito xenérico, utilízase o colectivo»  
*Dí* \_\_\_\_\_ *e quere dicir que* \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- «Iso pode ser correcto, pero non é xusto nin recomendable»  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Explica con cal das dúas posicións estás de acordo.  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**c)Di que significa a palabra *ruxerruxe*. Despois, explica por que se formou un ruxerruxe na aula?**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**d) Relé o derradeiro parágrafo. Explica que conclusión tirou Raquel da influencia da nova compañeira.**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**1.- As seguintes parellas están formadas por palabras parónimas. Elixe unha de cada para completar cada frase.**

- Un famoso actor (*assignou/asinou*) hoxe en Ourense o contrato da súa nova película.
- O piragüista cangués volveu demostrar as súas (*actitudes/aptitudes*).
- Rescataron o náufrago dun mar (*infectado/infestado*) de quenllas.
- Botoulle á potaxe demasiadas \_\_\_\_\_ (*especies/especias*).

**2.-Subliña os complementos do verbo nas seguintes oracións e di de que clase son.**

- Atopou un tesouro.
- Roi abriu a ventá do cuarto.
- Enviou unha mensaxe ao seu irmán.
- Deixou os libros no armario.
- Tomarei máis sobremesa.
- Recolleu os pais no aeroporto.

**3.- Velaquí algunhas palabras en plural; escribe ao lado a forma singular**

| plural   | singular | plural    | singular |
|----------|----------|-----------|----------|
| xices    | _____    | espécimes | _____    |
| menhires | _____    | xeles     | _____    |
| corceis  | _____    | púxiles   | _____    |
| laczáns  | _____    | análises  | _____    |
| atlas    | _____    | reveses   | _____    |

**4. Escribe o feminino das seguintes palabras.**

|         |       |         |       |
|---------|-------|---------|-------|
| heroe   | _____ | cabalo  | _____ |
| abade   | _____ | alcalde | _____ |
| boi     | _____ | danés   | _____ |
| irmán   | _____ | xenro   | _____ |
| padriño | _____ | cuñado  | _____ |
| can     | _____ | locutor | _____ |

**5. Completa con h as palabras que o precisen:**

Ad\_ esiva    \_armonía    \_irmandade    ba\_ía    \_ola!  
\_imno    \_orfo    \_ombro    \_úmero    \_arpa

**6.- Analiza as formas verbais:**

- \*Souben.....
- .....
- \*Cabería.....
- .....
- \*Caibamos.....
- .....
- \*Bailase.....
- .....
- \*Fagades.....
- .....
- \*Comeredes.....
- .....
- \*Soñaba.....
- .....
- \*Facerdes.....
- .....
- \*Sabedes.....
- .....
- \*Viaxeí.....
- .....

**7.- Ordena ben as sílabas das palabras de cada cadro, forma unha palabra relacionada coa electricidade e cópiaa coa súa definición.**

Conxunto de cables ou condutores unidos por onde pasa a corrente eléctrica: \_\_\_\_\_

Dispositivo para conectar un aparello eléctrico á rede, a outro aparello, etc.: \_\_\_\_\_

Dispositivo que serve de soporte dunha lámpada e asegura a conexión co circuíto eléctrico: \_\_\_\_\_

Enchufe con varios buracos para distintos aparellos: \_\_\_\_\_

O que fai que os corpos se movan ou funcionen: \_\_\_\_\_

CUÍTOCIR

EXÍANER

FECHUEN

DRÓNLA

TADAPORLÁMPA